

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

#EMPRENDEGAIÁS

CAPTURA A TÚA CREATIVIDADE!

BASES DE PARTICIPACIÓN

Máis información en: www.cidadedacultura.org

ORGANIZA:



CO APOIO DE:



XUNTA
DE GALICIA

COLABORA:

easd
mestre mateo



**Ver
mut**
LODEYROS



BASES DE PARTICIPACIÓN #EMPRENDEGAIÁS

FICHA DO CERTAME

Promove: Correveydile.

Colabora: Cidade da Cultura de Galicia.

Obxecto da convocatoria: Correveydile, en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia, convoca a primeira edición dos Premios #EMPRENDEGAIÁS co obxectivo de visibilizar a creatividade no eido fotográfico, así como as especiais características do traballo emprendedor.

Potenciais participantes: persoas físicas maiores de 18 anos cunha conta pública na rede social Instagram, que sexan seguidoras da @cidadedacultura nesta rede social e teñan interese pola fotografía, a creatividade, a imaxe, o deseño, as artes visuais, os procesos de creación, a comunicación, as RRSS e o traballo emprendedor.

Temática do certame: emprendemento.

Fotografías a publicar: imaxes que aborden de xeito creativo, innovador, empático e orixinal as especiais características do traballo emprendedor e que se publiquen na rede social Instagram de forma pública, acompañadas do hashtag #EMPRENDEGAIÁS18 e coa @cidadedacultura etiquetada en cada unha das fotografías.

Custe da inscrición no certame: de balde.

Premio: 300€ impostos incluídos e diploma conmemorativo.

Prazos da convocatoria:

-venres 9 de marzo: apertura de prazo para a publicación de imaxes.

-domingo 8 de abril marzo (23:59h; hora peninsular): peche do prazo para a publicación de fotografías acompañadas do hashtag #EMPRENDEGAIÁS18 e coa @cidadedacultura etiquetada na imaxe.

-luns 9 de abril ao xoves 12 de abril: comunicación dos finalistas do concurso.

-venres 13 de abril: entrega de premio ao gañador/a nun evento público con actividades complementarias.

OBXECTO DA CONVOCATORIA

Correveydile, empresa de xestión cultural especializada no deseño, xestión e produción de iniciativas, accións e proxectos do eido cultural, a comunicación creativa e a dinamización social e cultural, e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, organización cultural que ten por obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural” poñen en marcha o concurso de fotografía creativa sobre emprendemento en Instagram #EMPRENDEGAIÁS cos seguintes obxectivos:

- Estimular a creatividade.
- Potenciar e impulsar a visibilidade de novos talentos no campo da fotografía e a imaxe.
- Potenciar o emprendemento e os seus valores.
- Poñer en valor o traballo dos/das profesionais emprendedores.
- Visibilizar as particularidades e especiais condicionantes do traballo emprendedor.
- Visibilizar á Cidade da Cultura e ao Centro de Emprendemento Creativo, así como aos seus coworkers, actividades e servizos.

Por todo isto, e en consonancia cos obxectivos inmediatos comúns de ambas organizacións, afíns ao proxecto, fanse públicas as bases de participación para a convocatoria 2018 do Concurso #EMPRENDEGAIÁS.

CONVOCATORIA

#EMPRENDEGAIÁS é unha iniciativa promovida por Correveydile SL, con CIF: B-70493051 e enderezo no Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura de Galicia situado no Monte Gaiás s/n. 15707 (Santiago de Compostela; A Coruña), en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Xunta de Galicia.

A primeira convocatoria do certame ten por obxecto estimular a creatividade, motivar a novos talentos no eido da fotografía e a imaxe, divulgar aspectos relacionados coas especiais características do traballo emprendedor, fomentar a súa valorización e promocionar ao Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura de Galicia.

GRATUÍDADE DA INICIATIVA E POTENCIAIS PARTICIPANTES

Poderán participar nesta convocatoria de forma gratuíta e voluntaria todas aquelas persoas físicas maiores de dezoito anos, rexistradas previamente na rede social Instagram cun único usuario real, que sexan seguidoras de @cidadedacultura nesta aplicación, que publiquen unha fotografía relacionada coa temática do certame dentro dos prazos establecidos e que acepten e cumpran co establecido nas bases deste concurso.

Poderán ser estas, persoas interesadas no campo da fotografía, afeccionadas/os ou amateurs; así como tamén con interese e/ou vinculación coas artes plásticas e/ou visuais, a imaxe, o deseño, a creatividade, a comunicación, as RRSS, o emprendemento e os procesos de creación.

NÚMERO DE IMAXES A PUBLICAR E TEMÁTICA DO CONCURSO

Cada autor ou autora poderá presentar ao concurso todas as imaxes que desexe, pero só unha poderá acceder ao premio. As imaxes poden ser inéditas ou non, pero só entrarán a concurso as publicadas dentro do prazo do concurso -do venres 9 de marzo ao domingo 8 de abril-. Estas fotografías poderán ser tomadas por medios analóxicos ou dixitais, cámaras fotográficas ou dispositivos móbiles, realizarse en branco e negro ou cor, de forma natural ou manipulada e deberán ser colgadas nun perfil en Instagram de carácter público para que a Organización poida visualizalas e valoralas.

O tema do concurso será o emprendemento, apostando por reflectir as imaxes a concurso o un fragmento do día a día, particularidade, actividade, circunstancia, anhelo ou preocupación do traballo emprendedor, intentando destacar, de forma creativa, o seu valor diferencial e particulares condicionantes.

As fotografías tomadas deberán retratar de forma innovadora algunhas das características das rutinas e vida profesional e/ou vital das persoas emprendedoras, ademais dos valores

relacionados co traballo emprendedor: creatividade, optimismo, autonomía, flexibilidade, resiliencia, empatía, conciliación, apertura de mente, perseverancia, confianza, credibilidade, influencia, tolerancia, capacidade de organización, planificación e aprendizaxe continuo, capacidade de liderado e de desenvolver relacións e vínculos coas comunidades, contacto coa tecnoloxía, capacidade executiva, de comunicación e venda, etc.

As persoas que decidan participar na iniciativa deberán:

- facerse seguidoras da @cidadedacultura en Instagram, se non o eran ata o momento

- etiquetar á @cidadedacultura nas imaxes

- engadir o hashtag #EMPRENDEGAIÁS18 a cada publicación

SELECCIÓN DO TRABALLO GÑADOR

A Organización do concurso valorará as fotografías publicadas en Instagram a través do concurso #EMPRENDEGAIÁS en dúas fases. Na primeira fase Correveydile seleccionará vinte fotografías finalistas, avisando ás persoas autoras da súa condición de finalistas, e podendo estas facer público este recoñecemento dende o instante en que se lles teña comunicado. Chegado este momento a Organización poderá solicitar a ditos finalistas a documentación complementaria que lle parecera oportuno para acreditar a súa identidade, así como os documentos xustificativos dos dereitos correspondentes á fotografía finalista publicada.

A continuación, nunha segunda etapa, un Xurado escollerá unha única imaxe como gañadora do certame seguindo os criterios destas bases e a adecuación á temática e esencia do concurso. A decisión deste Xurado será comunicada publicamente no evento CREAGAIÁS que se celebrará o venres 13 de abril de 2018 a partir das 16h na Sala Eisenman da Cidade da Cultura de Galicia. Durante este evento, ao que todo tipo de públicos poderá acceder con entrada gratuíta e ata completar aforo, se comunicará o nome da persoa gañadora do certame e se fará entrega do galardón.

A resolución que deba adoptarse por calquera incidencia non prevista nas bases de participación de #EMPRENDEGAIÁS corresponderá unicamente á Organización, quen resolverá co mellor criterio e procurando o correcto desenvolvemento da iniciativa sen que proceda recurso algún. Se por cuestión alleas á Organización o primeiro posto non fose aceptado ou

non houbera comunicación posible co autor/a, o premio pasará inmediatamente ao segundo finalista e así sucesivamente.

PREMIO

O Certame de Fotografía #EMPRENDEGAIÁS constará dun só premio para o autor ou autora da imaxe que reciba do xurado o recoñecemento de mellor fotografía publicada a través da iniciativa. Este galardón levará asociado:

- a) UN PREMIO EN METÁLICO DOTADO CON TRESCENTOS EUROS (300,00 € impostos incluídos) para o autor/a da imaxe gañadora. O haber un premio único, no caso de empate entre varias persoas candidatas, o galardón en metálico repartirase entre os gañadores/as.
- b) DIPLOMA ACREDITATIVO.

A celebración do previsto concurso, así como a concesión do premio quedan suxeitas á normativa fiscal vixente.

COMPOSICIÓN DO XURADO

Para a valoración das fotografías finalistas que se presenten constituirase unha comisión de valoración formada por:

- Dous representantes da Fundación Cidade da Cultura, actuando un deles como presidente da Comisión.
- Dous profesionais vinculados/as ao ámbito da fotografía e/ ou da imaxe.
- Unha persoa representante dun centro formativo na disciplina de fotografía.
- Unha persoa representante de Correveydile.

Ao xurado correspóndelle deliberar, estimar e valorar os traballos presentados. A súa decisión será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros. Os membros do xurado de #EMPRENDEGAIÁS terán a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade e tomará a súa decisión en base aos seguintes criterios á hora de determinar o diario visual gañador do Premio #EMPRENDEGAIÁS.

- Adecuación da imaxe á temática do concurso: emprendemento
- Publicación da fotografía a través do perfil público en Instagram dunha persoa seguidora de @cidadedacultura
- Publicación co hashtag #EMPRENDEGAIÁS18
- Etiquetado de @cidadedacultura na imaxe participante
- Creatividade e calidade da imaxe publicada.
- Frescura e orixinalidade na plasmación, así como innovación e calidade conceptual nas fotografías publicadas.
- Visibilización e posta en valor do traballo emprendedor, así como captación das especificidades da súas rutinas e particularidades.
- A mensaxe das fotografías, o sentido de humor no punto de vista, así como os valores representados serán tomados en conta na selección das mellores fotografías.
- O achegamento e empatía respecto do traballo e vida das persoas profesionais emprendedoras.

CONSENTIMENTOS E AUTORIZACIONES. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Obrigas dos participantes:

- Coa publicación da fotografía acompañada do hashtag acéptanse as bases do premio na súa totalidade
- A organización poderá difundir as características xerais dos proxectos que se presentaran e, no seu momento, o nome dos/das finalistas e da persoa gañadora.
- A Organización poderá difundir a condición de beneficiario do galardoadado.

DESVINCULACIÓN DE INSTAGRAM

Este concurso non está patrocinado, asociado ou administrado por ou xunto a Instagram.

DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS A CONCURSO

O feito de participar no certame #EMPRENDEGAIÁS presupón que os/as autores/as das fotografías publicadas están en posesión do Copyright das imaxes que presentan e, en consecuencia, ostentan en exclusividade os dereitos de autoría e imaxe, polo que queda eximida a Organización do certame de calquera conflito de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que puidera derivarse.

O participante manifesta e garante así que é o único autor das/s imaxe/s é titular de todos os dereitos de autor sobre as fotografía/s que presenta ao concurso. Así mesmo, será responsabilidade do participante recabar a autorización das persoas que puideran aparecer en cada fotografía, para a efectiva actividade que se convoca, a menos que dita imaxe teña sido tomada nun sitio público e na forma legalmente establecida, asumindo toda reclamación por dereitos de imaxe. O mesmo caso no que se refire a localizacións ou obras de arte que puideran aparecer nas fotografías e para as que, de cara a súa captación, o fotógrafo deberá conseguir autorización expresa no caso de tratarse de espazos/obras de titularidade privada.

Os/as participantes fanse plenamente responsables do contido das fotografías con total indemnidade da Organización do concurso.

Os/as autores/as das fotografías que se presenten a concurso ceden á Organización os dereitos de comunicación pública e reprodución das imaxes e tamén dos textos que as acompañen, renunciando a calquera remuneración polos seus dereitos en favor da visibilidade do seu traballo. Correveydile e a Fundación Cidade da Cultura poderán empregar as fotografías, gañadoras ou non, en redes sociais, web e publicacións gratuítas, proxectos de promoción cultural tales como reprodución, impresión, publicación, proxección, exposición e outra difusión que a Organización (Correveydile e Fundación Cidade da Cultura de Galicia) considere pertinente, así como noutras actividades e accións informativas, divulgativas e/ou promocionais relacionadas co certame e enmarcado dentro das iniciativas #EMPRENDEGAIÁS e CREAGAIÁS, coa condición de facer constar a autoría destas, o concurso para o que foron creadas, así como a calidade de gañadora no caso da fotografía que recibirá o galardón

durante un prazo de dous anos a contar dende o venres 13 de abril de 2018, sen que estes usos se poidan entender como vulneración dos dereitos adquiridos.

A cesión de ditos dereitos permitirá á Organización transformar as obras tecnicamente na medida en que isto sexa necesario para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou a calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, como tamén reproducilas nos soportes físicos que se estime conveniente. Todas as fotografías presentadas ao concurso quedarán en propiedade da Organización, cedendo os autores destas fotografías os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras aínda que conservando a posibilidade de poder empregar as imaxes.

Non obstante todo o anterior os autores conservan os seus Dereitos de Propiedade Intelectual e se responsabilizan do cumprimento das disposicións legais en material de dita lei e do dereito á propia imaxe, sendo responsables de que a difusión, reprodución ou edición da obra no marco do presente concurso non lesione o dereito algún de terceiros.

Calquera utilización, alteración ou transformación das obras que non estea especificado nas bases deberá contar coa autorización expresa do/a autor/a.

RESPONSABILIDADE DA ORGANIZACIÓN

A Organización resérvase o dereito de acortar, prorrogar, modificar ou cancelar este concurso se así o estimase conveniente, se ocorresen supostos especiais no que se dificulte a realización do mesmo, ou se concorreran circunstancias excepcionais que impidiran a súa realización.

A Organización declina toda responsabilidade sobre as consecuencias que a exhibición voluntaria, consentida e deliberada das imaxes que colguen os usuarios de Instagram participantes neste concurso poidan comportarlle a si mesmo, á súa familia, amizades, achegados ou a outras terceiras persoas, ou da difusión ou exhibición da mesma pola súa parte ou por terceiros, ou a súa reprodución, incluso noutras páxinas web, blogs, redes sociais ou en calquera outro medio, soporte, aplicación ou modalidade de explotación dixital ou non, online ou offline, habida conta que tanto a publicación de comentarios como a inserción de ilustración de terceiros, son totalmente voluntarias, consentidas e non solicitadas. Polo tanto o concursante responderá directamente, mantendo á Organización indemne, ante calquera

reclamación, queixa, demanda de terceiros en relación á vulneración ou infracción dos posibles dereitos que puideran derivarse dos textos ou materiais que un usuario publicara.

A Organización non se responsabilizará polas afirmacións que fagan a través da rede social terceiras persoas, podendo levar a cabo as actuacións xudiciais que crea pertinentes contra as mesmas. Tampouco se responsabiliza dos danos ou prexuízos que puideran ocorrer cando o/a gañador/a desfrute do premio.

MÁIS INFORMACIÓN

veydile@veydile.com

606 955 797

www.cidadedacultura.org

online@cidadedacultura.org